

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA PLANA DO EDIFICIO DE OFICINAS.

ÍNDICE

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

- I.1.- RÉXIME XURÍDICO
- I.2.- PROCEDEMENTO, FORMA DE ADXUDICACIÓN E VALOR ESTIMADO

II ELEMENTOS DO CONTRATO

- II.1.- OBXECTO DO CONTRATO
- II.2.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN
- II.3.- PREZO DO CONTRATO
- II.4.- EXISTENCIA DE CRÉDITO
- II.5.- PRAZO DE EXECUCIÓN
- II.6.- PRAZO DE GARANTÍA
- II.7.- REVISIÓN DE PREZOS
- II.8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR
- II.9.- CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

III ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

- III.1.- FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS
 - III.1.1.- Forma de presentación
 - III.1.2.- Lugar e prazo de presentación de proposicións
 - III.1.3.- Presentación de proposicións
 - III.1.4.- Resgardo de entrega de proposicións
 - III.1.5.- Retirada das proposicións unha vez presentadas
- III.2.- DOCUMENTACIÓN
 - III.2.1.- SOBRE A: Documentación administrativa
 - III.2.2.- SOBRES B y C: Documentación técnica e económica

IV PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

- IV.1.- RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN
- IV.2.- CERTIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTOS
- IV.3.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA, VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓNS
- IV.4.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS
- IV.5.- PRESUNCIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS DESPROPORCIONADAS OU ANORMAIS.
- IV.6.- CRITERIOS DE DESEMPATE.
- IV.7.- EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. RENUNCIA OU DESISTIMENTO.

V TRAMITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

V.1.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS LICITADORES QUE PRESENTEN AS OFERTAS MÁIS VANTAXOSAS.

V.2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

V.3.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

VI FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

VII EXECUCIÓN DO CONTRATO

VII.1.- RESPONSABLE DO CONTRATO

VII.2.- ACTUACIÓN PREVIAS AO INICIO DAS OBRAS

VII.2.1.- Plan de seguridade e saúde no traballo

VII.2.2.- Comprobación de replanteo

VII.2.3.- Programa de traballo

VII.2.4.- Dirección facultativa e inspección das obras

VII.3.- PRESCRICIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

VII.3.1.- Execución das obras e responsabilidade do contratista

VII.3.2.- Obrigas laborais e sociais

VII.3.3.- Autorizacións e licenzas

VII.3.4.- Sinalización das obras

VII.3.5.- Accesibilidade e supresión de barreiras.

VII.3.6.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora

VII.3.7.- Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial da execución do contrato

VII.3.8.- Gastos esixibles ao contratista

VII.3.9.- Propiedade e explotación dos traballos

VII.3.10.- Deber de sixilo

VII.4.- **ABONOS AO CONTRATISTA E FACTURACIÓN**

VIII CESIÓN E SUBCONTRATAÇÃO

VIII.1.- CESIÓN

VIII.2.- SUBCONTRATAÇÃO

IX MODIFICACIÓN – SUSPENSIÓN DO CONTRATO

IX.1.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

IX.2.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS

X EXTINCIÓN DO CONTRATO

X.1.- CUMPRIMENTO E RECEPCIÓN DAS OBRAS

X.2.- CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS

X.3.- PRAZO DE GARANTÍA E RESPONSABILIDADES POR VICIOS OCULTOS

X.4.- LIQUIDACIÓN DAS OBRAS

X.5.- DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

X.6.- RESOLUCIÓN

X.7.- OBRAS ACCESORIAS OU COMPLEMENTARIAS

ANEXOS

ANEXO I: Presentación do licitador

ANEXO II: Modelo de declaración responsable

ANEXO III: Modelo de proposición relativa aos criterios cuantificables de forma automática mediante aplicación de fórmulas

ANEXO IV: Modelo de informe da entidade bancaria

ANEXO V: Táboa de solvencia técnica ou profesional

ANEXO VI: Modelo de declaración responsable de non variación das circunstancias nos rexistros

ANEXO VII: Declaración responsable de subcontratación

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA PLANA DO EDIFICIO DE OFICINAS.

I RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

I.1.- RÉXIME XURÍDICO

O réxime xurídico do presente contrato de obras de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (de agora en diante LCSP), é de natureza privada de acordo co artigo 26.1.b), rexeráse en canto a súa preparación e adxudicación pola LCSP e no que respecta aos seus efectos, modificacións e extinción polo dereito privado.

Así mesmo será de obrigado cumprimento o disposto neste prego de cláusulas administrativas particulares (de agora en diante PCAP), e no prego de prescricións técnicas (en adiante PPT), nos que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias.

O presente PCAP, o prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), na medida en que non se opoñan a LCSP terán carácter contractual. Así mesmo, será contractual o programa de traballo que resulte aceptado pola Fundación, segundo as condicións do presente prego, e unha vez aprobado polo órgano de contratación. Consecuentemente todos os citados documentos deberán ser asinados, en proba de conformidade, polo adxudicatario no acto de formalización do contrato.

En todo o non previsto nos pregos, estarase ao disposto na LCSP, e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante RXLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, en todo o que non contradiga as normas anteriores, e polas demais disposicións de igual ou inferior rango que sexan de aplicación, en canto non se opoñan a estas.

O contratista acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados e á xurisdición contencioso-administrativa respecto das cuestións litixiosas que puidesen derivarse deste contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, prego e Memoria valorada ou normas de toda índole promulgados pola Fundación que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O adxudicatario obrigarase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución do contrato e efectos desta serán resoltas polo órgano de contratación.

I.2.- PROCEDEMENTO, FORMA DE ADXUDICACIÓN E VALOR ESTIMADO

Para os efectos de determinar a publicidade e procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación que se vai realizar sen incluír o IVE que deberá soportar a empresa Fundación ascende á cantidade indicada no **APARTADO E** do cadro de características.

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento aberto simplificado con aplicación dos artigos 131 e 159 da LCSP.

O órgano de contratación e o contratista someteranse á obriga de confidencialidade da información nos termos establecidos no artigo 133 da LCSP.

II ELEMENTOS DO CONTRATO

II.1.- OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego ten por obxecto a contratación da execución da obra e prestación dos servizos que se describe no **APARTADO A** do cadro de características.

As necesidades administrativas que se teñen que satisfacer mediante o contrato indícanse no **APARTADO B** do cadro de características.

O código da nomenclatura da Clasificación de Produtos por Actividades 2008 (CPA-2008), correspondente ao obxecto do contrato así como o código relativo á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea será o sinalado no **APARTADO A** do cadro de características.

As bases técnicas deste procedemento, cantos requisitos se esixan e datos complementarios existan e se estimen de interese pola Fundación, estarán á disposición dos licitadores, para o seu exame, no Servizo de Contratación da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, durante o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres durante as horas hábiles de oficina, así como no perfil do contratante (**APARTADO X** do cadro de características).

No **APARTADO S** do cadro de características indicárase a admisión ou non admisión de variantes, de conformidade co establecido no artigo 142 do LCSP.

No suposto de non admisión de variantes cada licitador presentará inexcusablemente unha (1) única proposición en relación co obxecto do contrato, que se axustará necesariamente á solución técnica definida no proxecto técnico e no PPT, e cun prazo máximo de execución dos traballos que será o indicado no **APARTADO Ñ** do cadro de características. A súa falta suporá a exclusión da oferta presentada pola empresa licitadora.

Do mesmo xeito, serán rexeitadas todas as ofertas que superen o prazo máximo de execución fixado.

II.2.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo do contrato virá determinado no **APARTADO D** do cadro de características.

II.3.- PREZO DO CONTRATO

O prezo do contrato debe estar por debaixo do importe máximo estimado no **APARTADO D**, coas condicións técnicas expostas no proxecto técnico e os pregos.

Igualmente, entenderase que o prezo comprende todos os gastos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución das obras contratadas, as taxas pola prestación dos traballos de inspección e dirección das obras e calquera outras que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes, así como toda clase de tributos, taxas ou canons, directos ou indirectos, (que non poderán ser presentadas como partidas

independentes), incluídos os gastos de licencia de obras e calquera outra taxa municipal que sexa necesaria para o desenvolvemento das obras.

Tamén se debe entender comprendido o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que poida corresponder, que en todo caso, deberá figurar como partida independente, de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente na data de subscrición da proposición económica.

O orzamento do contrato e os prezos que rexerán durante a execución das obras serán os do proxecto técnico, afectados pola aplicación do coeficiente de adxudicación. Este coeficiente se deducirá dividindo o importe da oferta económica presentada polo licitador que resulte adxudicatario da obra polo orzamento de execución por contrata aprobado e non será superior á unidade.

No suposto de que se admitiran variantes (**APARTADO S** do cadro de características), e a solución elixida o sexa, o orzamento do contrato e os prezos que rexerán durante a execución da obra serán os da oferta variante seleccionada, afectados pola aplicación do coeficiente de adxudicación resultante que non será superior á unidade. O dito coeficiente deducirase dividindo o importe da oferta económica da variante seleccionada polo orzamento de execución por contrata do proxecto presentado, correspondente á dita oferta variante.

II.4.- EXISTENCIA DE CRÉDITO

Existe crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo ás aplicacións orzamentarias dos vixentes orzamentos e que figuran no **APARTADO F** do cadro de características.

II.5.- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo previsto para a execución das obras estará fixado no **APARTADO Ñ** do cadro de características e terá en todo caso carácter de prazo máximo.

De ser o caso e por razóns técnicas, tamén poderá establecerse un prazo mínimo aceptado polo órgano de contratación.

Os anteditos prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de comprobación do replanteo que se entendera integrante do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

De conformidade co artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidera cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

II.6.- PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía das obras será o que resulte da proposta efectuada pola empresa adxudicataria respectando o mínimo que se expresa no **APARTADO P** do cadro de características, computándose a partir da data de subscrición da acta de recepción destas. Non obstante, non se esixirá o prazo de garantía en aquelas obras nas que a perduración non teña finalidade práctica como as sondaxes e prospeccións que teñan resultado infrutuoso ou que pola súa natureza esixan traballos que excedan do concepto de mera conservación como os de dragados.

Dentro do prazo de quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, a dirección facultativa da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre

o estado das obras cos efectos sinalados nos artigos 243.3 da LCSP e 169 do RXLCAP, na medida en que non se opoña ao establecido na dita lei.

Durante o prazo de garantía o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse e queda obrigado, en todo caso, á conservación e policía das obras segundo o previsto no PCAP e nas instrucións que dite o facultativo.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar na acta de recepción e o director das obras sinalará os defectos observados e as instrucións impartidas para a súa corrección, fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o dito prazo, o contratista non o fixera, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato, segundo establece o artigo 243.2 in fine da LCSP.

De descoidarse a conservación dando lugar a que perigue a obra, executaranse pola Fundación e por conta do contratista os traballos necesarios para evitar o dano (artigo 167 do RXLCAP na medida en que non se opoña ao establecido na LCSP).

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación das obras durante o período de garantía serán por conta do contratista, non tendo dereito a ningunha indemnización por este concepto, excepto nos casos de forza maior, entendéndose por forza maior os supostos exclusivamente previstos no artigo 239 da LCSP.

II.7.- REVISIÓN DE PREZOS

Realizarase de conformidade co establecido no **APARTADO R** do cadro de características.

II.8.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Están facultadas para contratar coa Fundación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en ningunha das prohibicións de contratar que sinala o artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica financeira e técnica ou profesional ou, nos casos nos que se esixa na LCSP se atopen debidamente clasificadas. Os empresarios deberán contar, así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, debendo dispoñer dunha organización con medios persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato, por si ou mediante unión temporal de empresas, sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto de empresas licitadoras.

Respecto das **empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea** estarase ao disposto nos artigos 67, 84.2, 85 e 97 da LCSP e no artigo 9 do RXLCAP.

Respecto das **empresas estranxeiras non comunitarias**, estarase ao disposto nos artigos 68 e 84.3 da LCSP e no artigo 10 do RXLCAP.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co art. 69 da LCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente, e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven

ata a súa extinción. Para os efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente, mediante escritura pública, en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O documento no que consten estes extremos deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa personalidade, capacidade de obrar e solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción

II.9.- CLASIFICACIÓN E SOLVENCIA

A clasificación do licitador no suposto de resultar esixible, consonte establece o artigo 77 da LCSP, figura no **APARTADO H** do cadro de características.

De non esixirse clasificación, a acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional efectuarase polos medios que, dos relacionados nos artigos 87 e 88 da LCSP, se indican nos **APARTADOS J e K** do cadro de características. Non obstante, para os efectos do establecido no artigo 86.2 da LCSP a acreditación da clasificación do licitador como empresa de obras, concretamente no grupo, subgrupo e categoría indicados no cadro de características acompañado dunha declaración sobre a súa vixencia e das circunstancias que serviron de base para a súa obtención, constituirá xustificación bastante e suficiente de que o licitador posúe a preceptiva solvencia económica e financeira e técnica ou profesional xenérica esixidas nos apartados anteriores.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior e ao abeiro do artigo 76 da LCSP, esixirase o compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato os medios persoais e materiais suficientes para a súa execución, cando así se estableza no **APARTADO W** do cadro de características.

No caso de esixirse clasificación, os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea que non estean clasificados, deberán acreditar a súa solvencia financeira, económica e técnica ou profesional polos medios descritos nos artigos 87 e 88 da LCSP.

Os ditos licitadores deberán acreditar unha solvencia equivalente á esixida aos demais empresarios para a obtención da clasificación correspondente ao obxecto do contrato.

Para apreciar a dita solvencia en relación co contrato obxecto de licitación, o órgano de contratación procederá de acordo co previsto nos artigos 25 e seguintes do RXLCAP.

Respecto dos **empresarios que concorran agrupados** no caso do artigo 69 da LCSP, para apreciar a concorrencia do requisito de clasificación se atenderá, nos termos regulamentarios procedentes, ás características acumuladas de cada un deles expresadas nas súas respectivas clasificacións de acordo co establecido no artigo 79 da LCSP. En todo caso, será requisito básico para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtivesen previamente a clasificación como empresa de obras, agás cando se trate de empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea, caso no que soamente acreditarán a solvencia económica, financeira, técnica ou profesional.

III ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

III.1.- FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

III.1.1.- Forma de presentación

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas e demais documentos contractuais.

Os licitadores que desexen tomar parte nesta licitación presentarán a documentación que se esixe neste prego nun **SOBRE ÚNICO** pechado e asinado, sinalado como Sobre Único incluíndo a documentación administrativa por unha banda, e a documentación económica – criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas doutra.

Toda a documentación será presentada redactada nos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por funcionario da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

O sobre presentaranse debidamente pechado, identificado no seu exterior coa indicación de **SOBRE ÚNICO** e a lenda “Proposición para tomar parte na contratación da (título do contrato)”, e deberán estar asinados polo licitador ou a persoa que o represente, coa indicación do nome e apelidos ou razón social da empresa; indicarse un número de teléfono, fax, enderezo e correo electrónico, así como de ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, seguindo a numeración que se especifica nas cláusulas seguintes deste prego.

III.1.2.- Lugar e prazo de presentación de proposicións

Os sobres indicados deberán ser entregados no rexistro da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense- Expourense, sito en Finca Sevilla, s/n, 32005 de Ourense, dentro do prazo indicado no perfil do contratante (<http://www.expourense.org/>).

A hora de finalización de presentación das ofertas serán ata ás 14:00 horas do undécimo día hábil, a contar desde o día seguinte á publicación do perfil do contratante.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de ofertas coincida en sábado ou día inhábil, o prazo entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

A documentación tamén poderá ser enviada por correo dentro do prazo de admisión sinalado no anuncio de licitación. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data e a hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou fax (988 366 204) nese mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e á hora de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

O non cumprimento do lugar, prazo e hora da presentación de documentación será causa de exclusión.

III.1.3.- Presentación de proposicións

Cada licitador presentará unha soa proposición. Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros, se o fixo individualmente ou figura en

máis dunha agrupación temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas, de acordo co establecido no artigo 139.3 da LCSP.

III.1.4.- Resgardo da entrega das proposicións

Os licitadores teñen dereito a obter unha copia sellada dos sobres que conteñan a súa proposición. A tal efecto acompañarán copia simple deles.

III.1.5.- Retirada das proposicións unha vez presentadas

De non ditarse resolución de adxudicación dentro do prazo de DOUS MESES, a contar dende a apertura das proposicións, os licitadores terán dereito a retirar a súa oferta.

Se se retira a proposición inxustificadamente antes da adxudicación se procederá á reclamación dos danos e perdas que, de ser o caso, proceda. Se terá en conta que, de acordo co establecido no artigo 71.2.a) da LCSP, esta retirada poderá ser causa de prohibición de contratar coas Administracións Públicas.

III.2.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Para tomar parte na contratación será preciso que o licitador achegue a documentación que integra a oferta, nun SOBRE ÚNICO que conterá:

- 1) Documentación xeral: administrativa.
- 2) Documentación económica – criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas.

As proposicións presentaranse redactadas en galego ou castelán, ou traducidas oficialmente a calquera destas linguas. O **sobre deberá estar pechado e asinado** polo licitador ou persoa que o represente.

O sobre indicara o título da licitación a licitación á que concorren debendo figurar no exterior o seguinte:

- Nome e apelidos do licitador ou razón social da empresa, enderezo do licitador, co seu NIF, teléfono, fax e correo electrónico
- Sinatura do licitador ou da persoa que o represente, indicando o nome e apelidos de quen asina a proposición e o carácter con que o fai.
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu caso.

No interior de cada sobre farase constar unha relación numérica dos documentos que contén.

Deberá terse en conta que, conforme o artigo 139.2 da LCSP, que establece que: **"As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública[...]"**.

O SOBRE ÚNICO conterá a seguinte documentación:

III.2.1. "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA"

Os licitadores que desexen tomar parte na contratación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos previos mediante a presentación da declaración responsable que figura no Anexo II.

En todo caso e malia o indicado neste apartado de documentación administrativa a presentar, o licitador no que recaia a proposta de adxudicación, deberá presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar previstos no artigo 140.1 da LCSP, cando lle sexan requiridos ao comunicárselle a proposta de adxudicación, nos termos previstos no artigo 151.2 da LCSP e na cláusula 8.1 do presente prego, na que se inclúe expresamente a devandita documentación.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento, ou ser obxecto de axuízamento con arranxo á lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

Se o licitador fose unha Unión Temporal de Empresarios (UTE) deberá presentarse un exemplar separado da declaración do Anexo II por cada empresa integrante da unión temporal, ademais será necesario que os empresarios que desexen concorrer na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarios (art. 69 da LCSP e 24 RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgarse para cobros e pagos de contía significativa.

Este documento deberá estar asinado polos representantes de cada un dos empresarios compoñentes da UTE, e non será necesaria a formalización da Unión en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do contrato ao seu favor.

III.2.2. DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E AVALIABLE DE XEITO AUTOMÁTICO MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS

Conterá os documentos acreditativos da súa proposición.

OFERTA ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS

1. A proposición económica presentarase redactada conforme ao modelo fixado no **Anexo III** do presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou rascaduras que impidan coñecer claramente o que a Administración considere fundamental para considerar a oferta.
2. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que lle fagan inviable, será desbotada pola Mesa de Contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.
3. Na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

4. O orzamento sen IVE e o orzamento total ofertados non deben superar aos sinalados no **APARTADO D** do cadro de características deste prego, xa que pola contra a proposición será rexeitada.
5. No caso no que as condicións da contratación prevexan melloras nos prazos, indicárase o prazo dentro do que se obriga ao contratista a realizar a execución da obra obxecto do contrato, especificando o calendario de traballos en relación cos prazos fixados. En ningún caso os prazos superarán os previstos no prego.

Nesta documentación reflectiranse as características da oferta do contratista candidato e acreditarase o cumprimento das condicións materiais que permitan a valoración dos criterios de adxudicación non suxeitos a xuízos de valor, en relación coa execución da obra obxecto de contratación de conformidade co proxecto técnico que forma parte da licitación.

6. Con carácter opcional e para que poida ser tido en conta en caso de empate na valoración das ofertas debe presentar:

1) Para o primeiro criterio de desempate:

- Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total da plantilla.
- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- Contrato de traballo.

2) Para o segundo criterio de desempate:

- Acreditación da certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 67 e seguintes do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG nº 32, do 17-02-2016).
- Acreditación da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme co artigo 72 e seguintes do citado Decreto Legislativo 2/2015.

3) Para o terceiro criterio de desempate:

- Acreditación do número de traballadores en plantilla, mediante o último documento TC2 (relación nominal de traballadores) no que figure a relación actualizada de todo o persoal da empresa.

Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou rascaduras que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

IV PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

IV.1.- RECEPCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Rematado o prazo de recepción de proposicións, a secretaria da Fundación de Feiras e Exposición de Ourense expedirá unha certificación na que se relacionen as entradas

rexistradas relativas ás proposicións recibidas, as proposicións anunciadas vía fax pero non recibidas ou, se fora o caso, sobre a ausencia de licitadores, que, xunto cos sobres, remitirá á persoa designada para desenvolver as funcións de secretaría da Mesa de Contratación.

IV.2.- CERTIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DE DOCUMENTOS

Unha vez recibidos os sobres pola secretaría da Mesa de Contratación xunto coa certificación expedida, convocarase unha reunión da Mesa para a cualificación previa dos documentos presentados no tempo e na forma.

IV.3.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA, VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, constituirase a Mesa de contratación co obxecto de cualificar a documentación dos licitadores.

Ao abeiro do previsto nos artigos 159 da LCSP apartado f), a Mesa efectuará a apertura do sobre único:

1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.

2.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.

3.º Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. Se o licitador fixese uso da facultade de acreditar a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro a que alude o inciso final da letra a) do apartado 4 deste artigo, a mesa requirirá ao licitador para que xustifique documentalmente todos os extremos referentes á súa aptitude para contratar enunciados neste número.

4.º Requirit á empresa que obtivo a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que constituía a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e todo iso no prazo de sete días hábiles a contar desde o envío da comunicación. No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación presúmase que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149, a mesa, realizadas as actuacións recollidas nos puntos 1.º e 2.º anteriores, seguirá o procedemento previsto no citado artigo, aínda que o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os cinco días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Para realizar a dita clasificación e proposta atenderá aos criterios de valoración indicados na **cláusula N** do cadro de características.

Os criterios para apreciar as ofertas anormais ou desproporcionais encóntranse recollidos no **apartado IV.5.** deste prego.

De acordo co establecido no artigo 157 da LCSP, a Mesa de Contratación antes de formular a súa proposta de adxudicación poderá solicitar cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

IV.4.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas presentadas valoraranse de acordo cos criterios que se indican no **APARTADO N** do cadro de características.

Para a determinación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados utilizaranse os criterios e o procedemento que se establecen a continuación.

IV.5.- PRESUNCIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS DESPROPORCIONADAS OU ANORMAIS

Para os efectos do disposto no artigo 149 da LCSP, os parámetros obxectivos para considerar unha oferta como desproporcionada ou anormal están establecidos no **APARTADO N** do cadro de características.

A declaración de que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de resultar desproporcionada ou anormal requirirá a previa solicitude de información a todos os licitadores supostamente comprendidos nela para que xustifiquen e desglosen razonada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, así como o asesoramento técnico do servizo correspondente.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados, estimase que a oferta non poder ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente mais vantaxosa, de acordo co orde na que foron clasificadas.

IV.6.- CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso de igualdade entre dous ou máis licitadores desde o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación aplicaranse os parámetros obxectivos establecidos no **APARTADO N** do cadro de características.

IV.7.- EFECTOS DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN. RENUNCIA OU DESISTIMENTO

A proposta de adxudicación da Mesa de Contratación non crea dereito ningún en favor do empresario proposto, que non os adquirirá, respecto á Fundación, mentres non se teña formalizado o contrato.

Se antes da adxudicación, o órgano de contratación renunciase á celebración do contrato ou desistise do procedemento, deberá compensar aos licitadores polos gastos efectivos en que incorresen, previa solicitude e coa debida xustificación da súa valoración económica.

V. TRAMITACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

V.1.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLA EMPRESA QUE OBTIVERA A MELLOR PUNTUACIÓN.

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias debidamente autenticadas ante notario ou compulsadas por persoal da Comunidade Autónoma de Galicia con facultades para iso.

De conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, e nos artigos 13 a 16 do RXLCAP, e tendo en conta o artigo 140.4 da LCSP, o licitador ou candidato que obtivera a mellor puntuación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato os requisitos de capacidade e solvencia, mediante a presentación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Polo que antecede, o órgano de contratación requirirá ao licitador que obtivera a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que, **dentro do prazo de sete días**

hábiles a contar dende o envío da comunicación, presente a documentación que se indica a continuación.

De non acreditar no prazo sinalado ante o órgano de contratación a documentación requirida nestes apartados entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación (IVA excluído) en concepto de penalidade e procederá a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

a) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.

Cando se trate de empresarios individuais, copia compulsada ou cotexada do DNI, ou de ser o caso, o documento que faga as súas veces.

Se a empresa fose unha persoa xurídica, copia compulsada ou cotexada do NIF e a escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este rexistro fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle fose aplicable. Se non o fose, a acreditación da capacidade realizarase mediante a escritura ou documentación de constitución, estatutos ou acta fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, terán que acreditar a súa capacidade de obrar mediante a presentación da certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do RXLCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato. Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado de orixe admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración de maneira substancialmente análoga.

b) Xustificación da representación con que actúa o asinante da proposición, cando a subscriba en nome doutra persoa.

Se a representada fose unha empresa individual, acompañarase copia autenticada da escritura de poder notarial bastante, outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen subscribiu a solicitude no seu nome.

No caso de que o asinante da solicitude actúe en nome dunha persoa xurídica, achegará copia autenticada da escritura de constitución da sociedade, ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil, con aquelas particularidades dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentarase ademais poder notarial bastante para xustificala.

Para o efecto de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, o correspondente poder de representación deberá estar bastanteado por Notario Público.

c) Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de conformidade co sinalado na Cláusula II.9 do presente prego de cláusulas administrativas particulares.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme ao sistema de acreditación previsto no punto anterior. Para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes dela, de conformidade coas condicións previstas nos artigos 69 da LCSP e no 24 e 52 do RXLCAP.

d) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Certificado vixente da Tesourería Territorial da Seguridade Social correspondente, acreditativo de que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado vixente da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) xustificativo de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificado vixente expedido pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) no cal se faga constar que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pódese substituír esta documentación por unha autorización ao órgano de contratación para obter de forma directa a súa acreditación.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, presentarán certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de encontrarse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, presentarán certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se encontra ao corrente no cumprimento das obrigas sociais esixidas no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado se referirá aos doce últimos meses.

e) Imposto de Actividades Económicas. A súa acreditación efectuarase mediante a presentación da alta, referida ao exercicio corrente, ou do último recibo deste, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto, consonte regula o artigo 15.1 do RXLCAP.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no citado imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1, apartados b), c), f) e h) do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, acreditarase mediante unha resolución expresa de concesión da exención da Administración competente, ou mediante unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000,00 €), respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) do citado texto legal, con excepción das persoas físicas.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1 apartados a) d), g) e h) do Real decreto legislativo 2/2004, non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

f) Ter constituída a garantía definitiva polo importe do 5% do importe de adxudicación, impostos excluídos, en calquera das modalidades previstas no artigo 108 da LCSP.

Así mesmo, de conformidade co artigo 108.2 da LCSP, tras solicitude do adxudicatario, poderá constituírse mediante retención no prezo. Neste caso a retención farase no primeiro aboamento ou, de ser o caso, no pagamento do importe total do contrato.

g) No caso de que o adxudicatario sexa estranxeiro deberá acompañar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder a cada licitante, así como documentación acreditativa da autorización para operar no ramo a que pertenza o obxecto da presente contratación.

Os contratistas estranxeiros entregarán os documentos que deban presentar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

Se o candidato está inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) estarán exentas de presentar a documentación que nos ditos certificados se detalla, de ser o caso:

Personalidade e representación a que se refire a alínea a) sempre e cando a representación sexa a mesma que conste no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no ROLECE. Porén o órgano de contratación poderá requirir a presentación desa documentación se é necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é axeitado ao obxecto do contrato.

- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, excepto a documentación específica que se relaciona na Cláusula II.9 do presente prego, que deberá ser achegada en todo caso.

-Documentación xustificativa de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias (coa facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de estar dadas de alta no imposto sobre actividades económicas) e de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

En todos os casos de inscrición nun rexistro oficial de licitadores deberá presentarse **declaración responsable na que o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas no rexistro non experimentaron variación.** (Modelo **ANEXO VI** deste prego)

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta presentarán unha copia deste.

Se como resultado da cualificación desta documentación o órgano de contratación observa defectos ou omisións rectificables, comunicarllo por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos (correo electrónico) ao licitador interesado, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non emenda a documentación. O órgano de contratación concederá ao licitador un prazo suficiente (non superior a 3 días hábiles) para que corrixa ou emende os defectos observados).

h) Subcontratación

De acordo co establecido no artigo 215 da LCSP, no caso de que o adxudicatario teña previsto subcontratar con terceiros parte da prestación do servizo deberá presentar unha declaración no que se faga constar: (Modelo no **ANEXO VII** deste prego)

- 1) Parte da prestación que se pretende subcontratar con indicación do seu importe.
- 2) Identidade do subcontratista
- 3) Xustificación da aptitude do subcontratista para a execución da prestación mediante a referencia dos elementos técnicos e humanos dos que dispón e a súa experiencia ou, se fora o caso, a clasificación adecuada para a realización da parte do contrato obxecto de subcontratación.

V.2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación deberá adxudicar os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación sinalada na cláusula anterior.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

De acordo co previsto no artigo 151 da LCSP, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, indicando o prazo para a formalización do contrato.

V.3.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A documentación persoal, presentada polos licitadores que non resultaran adxudicatarios, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados dende o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, excepto que a Administración considere oportuno retela no suposto de que interpuxeran reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

VI. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

De acordo co artigo 154.1 da LCSP, a formalización do contrato deberá publicarse, xunto co contrato, nun prazo non superior aos 15 días tras o perfeccionamento do contrato no perfil do contratante do órgano de contratación indicando os datos recollidos no anexo III.

De acordo co artigo 153.3 a formalización deberá efectuarse non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

O órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas particulares, e a memoria valorada debidamente compulsados.

Cando o adxudicatario sexa unha Unión Temporal de Empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal, debidamente inscrita no rexistro correspondente.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se tivese formalizado o contrato dentro do prazo indicado no parágrafo anterior, a Fundación exixirá o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo sobre a garantía definitiva.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os correspondentes gastos.

VII. EXECUCIÓN DO CONTRATO

O contrato executarase dentro do prazo establecido, con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas así como na memoria valorada, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista o órgano de contratación.

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

En todo caso o contrato executarase a risco e ventura do contratista, correspondéndolle indemnizar todos os danos que se ocasionen tanto á Fundación como a terceiros e das omisións ou erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

VII.1.- RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación designa ao responsable do contrato que se especifica no **APARTADO Z** do cadro de características, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación. En particular, corresponderanlle a quen, no seu caso, sexa designado como responsable do contrato, as seguintes atribucións:

a) Propoñer ao órgano de contratación as penalizacións que se teñan que impoñer ao contratista no caso de incumprimentos do contrato imputables a si mesmo (artigos 192 a 194 LCSP).

b) Concorrer á recepción das obras e, no seu caso, telas por recibidas (artigo 243.1 LCSP)

As ditas atribucións enténdense sen prexuízo das que corresponden á dirección facultativa da obra.

VII.2.- ACTUACIÓNS PREVIAS AO INICIO DAS OBRAS

VII.2.1.- Plan de seguridade e saúde no traballo

No prazo máximo de sete (7) días naturais dende a adxudicación do contrato, o adxudicatario deberá presentar á secretaría da Fundación, á que está adscrita a obra o Plan de Seguridade e Saúde Laboral redactado por técnico coa titulación esixida legalmente.

O incumprimento do prazo e como consecuencia disto, a imposibilidade de aprobar o plan, non impedirá a comprobación do replanteo nin a autorización do inicio da obra, se ben estas non porán comezar efectivamente sen a citada aprobación do plan. Neste suposto, o prazo contractual empezará a partir da sinatura da acta de comprobación do replanteo e a autorización do inicio das obras, na que se deixará constancia dos extremos mencionados.

Con independencia do anterior, o incumprimento do mencionado prazo de presentación suporá unha penalización diaria de 1 euro por cada 5.000,00 € do prezo do contrato, que será descontado, no seu caso, na primeira certificación.

O contratista se verá obrigado a recoller no plan de seguridade e saúde todas as medidas e elementos necesarios para cumprir o estipulado ao respecto pola lexislación vixente sobre a materia, polas normas de boa construción, e polas especificacións e prescricións recollidas no Estudo de Seguridade e Saúde, sen que teña dereito a recibir máis importe que o fixado no Estudo de Seguridade e Saúde afectado da baixa de adxudicación, no seu caso.

Os locais e servizos para hixiene e benestar dos traballadores que veñan obrigados polo Estudo de Seguridade e Saúde ou polas disposicións vixentes sobre a materia ubicaranse nos lugares indicados no citado estudo e no seu defecto, sempre que sexa posible, na propia obra, salvo autorización expresa da Administración noutro sentido. En todo caso serán para uso exclusivo do persoal adscrito á obra. Calquera variación que se formule das características e emprazamento dos ditos locais e servizos, unha vez aprobado o Plan, requirirá a previa modificación do mesmo, así como o seu posterior informe e aprobación nos termos establecidos polas disposicións vixentes.

VII.2.2.- Comprobación do replanteo

Nun prazo non superior a quince (15) días naturais dende a formalización do contrato, agás supostos excepcionais, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo efectuado previamente á licitación, consonte se dispón no artigo 237 da LCSP, e nos artigos 139,140 e 141 do RXLCAP.

A comprobación do replanteo á que se refire o artigo 237 da LCSP suxeitarase ás seguintes regras:

- 1) Se o contratista non acudira, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerárase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos na LCSP.
- 2) Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre, a xuízo do director de obra e sen reserva por parte do contratista, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta que se estenda, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar no prazo de execución das obras dende o día seguinte á sinatura do contrato.
- 3) Cando se trate da realización de algunha das obras ás que fai referencia o artigo 236.2 da LCSP estarase ao disposto nese artigo en canto á dispoñibilidade dos terreos, podendo comezarse as obras se estiveran dispoñibles os terreos imprescindibles para iso e completarse a dispoñibilidade dos restantes segundo o esixa a execución das obras.
- 4) Cando non resulten demostradas as circunstancias ás que se refire o apartado dous ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendida a súa iniciación, facéndose constar na acta, e ata que o órgano de contratación adopte a resolución procedente en virtude das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das administracións públicas. En tanto sexa ditada esa resolución quedará suspendido o inicio das obras dende o día seguinte á sinatura da acta, computándose a partir da dita data o prazo de oito meses ao que se refire o artigo 245 parágrafo c) da LCSP, sen prexuízo de que, se foran superadas as causas que impediron o inicio das obras, se ditase acordo autorizando o seu comezo, notificándose ao contratista e computándose o prazo de execución dende o día seguinte ao de tal notificación.

- 5) O disposto no apartado anterior aplicarase igualmente cando o contratista formulase reservas no acto de comprobación de replanteo. Non obstante, se tales reservas resultasen infundadas a xuízo do órgano de contratación, non quedará suspendido o inicio das obras nin, en consecuencia, será preciso ditar novo acordo para o seu inicio e se modifique o cómputo do prazo para a execución.
- 6) A acta de comprobación do replanteo amosará a súa conformidade ou desconformidade respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poida afectar ao cumprimento do contrato.
- 7) Á vista dos seus resultados procederá nos termos previstos nos apartados anteriores. No caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fixera outras observacións que puideran afectar á execución da obra, a dirección da obra, logo de consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, xustificándoo na propia acta.
- 8) Un exemplar da acta remitirase ao órgano de contratación, outro entregarase ao contratista e un terceiro á dirección.
- 9) A acta de comprobación do replanteo formará parte integrante do contrato para os efectos da súa esixibilidade.
- 10) Se, como consecuencia da comprobación do replanteo, se deduce a necesidade de introducir modificacións no proxecto, a dirección redactará no prazo de quince días, sen prexuízo da remisión inmediata da acta, unha estimación razoada das ditas modificacións.
- 11) Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, a tramitación da dita modificación axustarse ás normas xerais da LCSP e do seu RXLCAP, en tanto non se opoñan á dita lei, acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso o inicio dos traballos naquelas partes non afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

VII.2.3.- Programa de traballo

O adxudicatario está obrigado a presentar nun prazo non superior a sete (7) días naturais dende a formalización do contrato, un programa de traballo no cal se incluírán todos os extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP (na medida de que non se opoñan ao establecido na LCSP).

O órgano de contratación resolverá dentro dos dez (10) días naturais seguintes á presentación do programa de traballo, podendo introducir na resolución aprobatoria modificacións ou determinadas prescricións, sempre que non contraveñan as cláusulas do contrato.

A acta de comprobación de replanteo e os prazos parciais que procedan fixarse ao aprobar o programa de traballo entenderanse como integrantes do contrato para os efectos da súa esixibilidade.

VII.2.4.- Dirección facultativa e inspección das obras

A Fundación levará a cabo a inspección, comprobación e vixiancia para a completa realización da obra executada, axustándose ao establecido no RXLCAP, no que non se opoña ao establecido na LCSP.

O control da execución da obra, que poderá ser desenvolvida directamente polos servizos técnicos da Fundación ou por técnicos contratados por esta.

A realización polo contratista de alteracións nas unidades de obra, sen autorización previa da Fundación contratante, aínda cando estas se realizasen baixo as instrucións do técnico ao que se lle encomende esta función, non xerará obriga algunha para a Fundación, quedando ademais o contratista obrigado a refacer as obras afectadas sen dereito a abono algún, se así o decide a Fundación, todo iso sen prexuízo das responsabilidades que a Fundación puidera esixir a ambos por incumprimento dos seus respectivos contratos.

Na oficina de obras deberá existir un libro de incidencias e un libro de subcontratación, así como a documentación necesaria para o desenvolvemento das obras.

VII.4.- PRESCRICIÓNS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS

VII.4.1.- Execución das obras e responsabilidades do contratista

O contratista executará as obras con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto técnico e ao programa de traballo que serve de base ao contrato e consonte ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese o órgano de contratación. No suposto de que as ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito á maior brevidade posible para que sexan vinculantes para as partes.

O contratista deberá observar, así mesmo, as instrucións que, no seu caso, lle dera o designado polo órgano de contratación como responsable do contrato, no ámbito das súas atribucións.

En todo caso o contrato executarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no artigo 239 da LCSP.

Consonte establece o artigo 196 da LCSP, o adxudicatario será responsable de indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros, tanto por si mesmo como polo seu persoal ou por medios dependentes dese persoal, e que sexan consecuencia da realización das operacións que requira a execución do contrato, agás que os ditos danos ou prexuízos sexan ocasionados coma consecuencia inmediata e directa dunha orde da Fundación, a cal deberá constar por escrito, ou sexan producidos coma consecuencia dos vicios do proxecto elaborado pola Administración.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para acadar ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista será responsable dos defectos que na construción da obra se poidan observar.

Cando a xuízo do técnico que leve o control da obra algunha parte desta estivese mal executada, o contratista está obrigado a volver a realizala sen custe ningún para a Fundación.

Igualmente, se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos de construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos durante o prazo que establece a Lei de Ordenación de Edificación (LOE), a contar dende a recepción.

En todo o relativo á esixencia dos dereitos e cumprimento das obrigas, incidencia e modificacións contractuais, extinción e liquidación do contrato, desenvolverase segundo o disposto na normativa vixente en materia de contratación administrativa.

VII.4.2.- Obrigas laborais e sociais

O adxudicatario contará co persoal necesario para a execución do contrato. O dito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, o cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empregador respecto deles; concretamente, está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes na materia laboral, de Seguridade Social e Prevención de Riscos Laborais, sendo a Fundación contratante totalmente allea ás ditas relacións laborais.

O contratista quedará obrigado, con respecto ao persoal que empregue na obra, ao cumprimento das disposicións en materia de lexislación laboral e de Seguridade Social vixentes durante a execución do contrato.

VII.4.3.- Sinalización das obras

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes que reciba por escrito do técnico encargado do control da obra acerca das instalacións de sinais complementarias ou modificacións das que houbera instalado.

De acordo coas instrucións da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense e atendendo ás características da obra, o contratista situará nesta os carteis que por aquela se lle indiquen. A súa subministración e a colocación correrá por conta do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

Os gastos que orixine a sinalización serán por conta do contratista.

Para o abono da primeira certificación de obra será necesaria a presentación da documentación acreditativa da colocación dos mencionados carteis de obra.

VII.4.4.- Accesibilidade e supresión de barreiras

Deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29/02/2000) e no documento básico (DB) do Código Técnico de Edificación (CTE) DB-SUA: Seguridade de Utilización e Accesibilidade.

VII.4.5.- Cumprimento do prazo e penalidades por mora

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se chegado o remate de calquera dos prazos citados, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Fundación poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, na contía prevista no artigo 193 da LCSP.

Conforme co artigo 99 do RXLCAP, no que non se opoña ao establecido na LCSP, o importe destas penalidades farase efectivo mediante dedución deste nas certificacións de obras ou, de ser o caso, da garantía, e sen que a aplicación e pago destas exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo retraso do contratista.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

VII.4.7.- Cumprimento defectuoso ou incumprimento parcial da execución do contrato

Segundo establece o artigo 192 da LCSP no caso de que o contratista realizara defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprira o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materias suficientes para iso (se fose esixible e así se establecese, **APARTADO W** do cadro de características), o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá acadar o 10 por 100 do prezo do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el mesmo, incumprise parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición de penalidades.

VII.4.8.- Gastos esixibles ao contratista

Serán por conta do contratista:

- Os gastos da formalización do contrato, así como as taxas, impostos por prestación dos traballos facultativos do replanteo, execución e liquidación e calquera outros que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
- Igualmente o contratista asumirá os gastos derivados da información ao público sobre o inicio e remate da obra. Estas actividades informativas terán lugar por medio de barreiras-tipo, así como a través daqueles medios de comunicación que se determinen na Secretaría Xeral para o Deporte, para o que se terá en consideración a natureza da obra e o importe do investimento, e sempre circunscritas ao ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Cando concorran circunstancias que así o xustifiquen, o órgano de contratación poderá dispoñer a ampliación da difusión de determinados aspectos da execución da obra mediante outros medios.
- Tamén serán por conta do contratista os gastos de ensaio, tanto os incluídos no plan de control de calidade como os de contraste que esixa no seu caso a o responsable do control da execución da obra, quedando suxeito a este compromiso. En ningún caso o importe destinado ao control de calidade será inferior ao 1,5% do presuposto de execución material da obra.

VII.4.9.- Propiedade e explotación dos traballos

Todos os documentos que se elaboren e os traballos que se realicen para a execución do contrato, serán da exclusiva propiedade da Fundación contratante.

O contratista non poderá facer uso do dito material, nin publicar ou divulgar ou proporcionar a terceiros, ningún dato ou documento procedente dos traballos, de non mediar autorización expresa e por escrito da Fundación propietaria, obrigándose a resarcir a esta polos prexuízos que se lle causen.

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o contratista está obrigado a tratar os datos que lle sexan proporcionados para a realización do traballo consonte ás instrucións da Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, de xeito tal que non os aplicará ou utilizará cun fin distinto ao que figure no

contrato, nin os comunicará ou facilitará por calquera medio a persoas que non estean expresamente autorizadas para o seu coñecemento ou utilización.

Así mesmo, unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos á Secretaría Xeral para o Deporte, así como calquera soporte ou documento nos que conste algún dato de tal carácter.

A Administración contratante resérvase en exclusiva o dereito de explotación dos traballos encargados ao adxudicatario, ao que lle queda prohibido calquera tipo de explotación, agás cando medie autorización do órgano de contratación e nos termos nos que se recolla no dito título administrativo.

VII.4.10.- Deber de sixilo

O adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato ou dos que teña coñecemento con ocasión deste, segundo dispón o artigo 112.2 do RXLACP, sempre que non se contradiga o establecido no artigo 140.2 da LCSP. Así mesmo estarase ao disposto neste artigo da LCSP con relación á confidencialidade da información obtida durante a execución do contrato.

VII.5.- ABONOS AO CONTRATISTA E FACTURACIÓN

1.- O contratista terá dereito ó aboamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ó contrato outorgado e as súas modificacións, se as houbese.

Para os efectos do pago, a Fundación terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo que se sinala no artigo 198 da LCSP, contado a partir da data de aprobación das certificacións da obra ou dos documentos que acrediten a conformidade, sen prexuízo do prazo especial establecido no artigo 243 da LCSP. A este respecto, expedirá mensualmente, nos primeiros dez (10) días seguintes ó mes que correspondan, as certificacións que comprendan a obra executada durante dito período de tempo. Os aboamentos ó contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprende.

O pago da certificación da obra realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a precisa para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo do órgano de contratación existisen razóns para estimar o inconveniente. Malia o anterior, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Polo tanto, os dereitos que os artigos 198 e 240 da LCSP lle conceden ó contratista, non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pagamento, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, acopios de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 198 e 240 da LCSP e 155 a 157 RXLCAP, no que non se opoña ao establecido na LCSP.

Coa primeira certificación de obra o contratista deberá achegar o xustificante de pago de tódolos gastos que lle sexan esixibles de conformidade co punto VII.4.4 e que sexan necesarios para a execución do contrato, de xeito tal que non se procederá ó pago desa certificación en tanto non se cumpra con dita obriga.

Dentro do prazo de tres (3) meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ó contratista a conta da liquidación do contrato.

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que, conforme ao previsto no artigo 198 da LCSP, teñan dereito de cobro fronte a Fundación poderán cedelo conforme a Dereito.

Para que a cesión dese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Fundación, será requisito imprescindible a notificación fehaciente á Fundación do acordo de cesión.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ó cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Unha vez que a Fundación teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Fundación, os mandamentos de pago a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

O pago da certificación da obra realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada, no seu caso, polo designado como responsable do contrato.

No caso de demora pola Administración no pago do prezo, esta deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo, os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas contra a morosidade nas operacións comerciais.

VIII CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN

VIII.1.- CESIÓN

De acordo co artigo 214 da LCSP, o adxudicatario non poderá acordar con terceiros a cesión dos dereitos e obrigas derivadas do contrato sen a autorización previa e expresa da Fundación contratante. Así mesmo, para que a cesión efectuada produza efectos fronte á Fundación contratante deberán cumprirse, igualmente, todos os requisitos sinalados no citado artigo.

VIII.2.- SUBCONTRATACIÓN

O réxime dos subcontratos que se poidan derivar das contratacións tramitadas ao abeiro deste prego quedarán sometidos ao artigo 215 da LCSP, á Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e ao Real decreto 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción. Na súa execución cumpriranse os seguintes requisitos:

a) Os licitadores deberán indicar na súa oferta a parte da obra que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe e a porcentaxe que supón respecto a totalidade do orzamento. Así mesmo indicarán o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

b) En todo caso, o contratista deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Fundación a intención de realizar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos dos que dispón e á súa

experiencia. No caso de que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia eximirá ao contratista da necesidade de xustificar a aptitude de aquel. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da realización do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

c) Se os pregos ou o a invitación cursada pola Fundación impuxera aos licitadores a obriga de comunicar as circunstancias sinaladas na letra a), os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na dita oferta ou por referirse ás partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán realizarse ata que transcorran vinte (20) días dende que se cursara a notificación e presentado as xustificacións ás que se refire a letra b), salvo que con anterioridade o autorizasen expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas se identificasen na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

d) Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte (20) días se a súa realización é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

e) Que o contratista se obrigue a aboar aos subcontratistas e subministradores o pagamento do prezo pactado cuns e outros nos prazos e condicións que non sexan máis desfavorables que os establecidos no artigo 198.4 da LCSP para as relacións entre Fundación e contratista.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, que asumirá, polo tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con suxeición estrita ao prego de cláusulas administrativas particulares e aos termos do contrato.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas incursas en suspensión de clasificacións ou inhabilitadas para contratar.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

IX MODIFICACIÓN – SUSPENSIÓN DO CONTRATO

IX.1 MODIFICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar o contrato , resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Así mesmo, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto nos artigos 190 e 203 da LCSP.

De conformidade co establecido no artigo 206 da LCSP o contrato só poderá ser modificado por razóns de interese público nos casos e na forma prevista, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP.

En particular, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións do contrato que se realicen cuxa finalidade sexa o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Neste caso, as devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste da anualidade.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste da anualidade só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento presupostario.

O Título I do Libro II da LCSP distingue entre modificacións previstas e non previstas na documentación que rexe a contratación:

Modificacións previstas

O obxecto destas modificacións previstas detállanse no **APARTADO Q** do Cadro de Características.

Modificacións non previstas

Poderán efectuarse modificacións non previstas na documentación que rexe a contratación nos termos establecidos no artigo 205 da LCSP.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados dende a data en que se lle notifique ao empresario o acordo de modificación. Para estes efectos, non se considerarán as variacións do prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión.

IX.2.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS

Se a Fundación acordara a suspensión do contrato ou tal suspensión tivese lugar por aplicación do disposto nos artigos 245 e 246 da LCSP, estenderase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivan e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP, en todo o que non se opoña ao establecido na LCSP.

A dita acta deberá estar asinada polo representante do órgano de contratación, polo contratista e polo técnico de control na execución das obras, debendo anexarse a medición da obra executada e os materiais acopiados a pé de obra utilizables exclusivamente na parte ou partes suspendidas.

X EXTINCIÓN DO CONTRATO

X.1.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que sinalan os artigos 211 e 245 da LCSP e acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia de parte mediante o procedemento no que se garanta a audiencia a este, e cos efectos previstos nos artigos 212 e 246 da LCSP e 110 a 113, e 172 do RXLCAP en todo o que non se opoña ao establecido na LCSP.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando realizase, de acordo cos termos contractuais e a satisfacción da Fundación a totalidade do seu obxecto.

Cunha antelación de dez (10) días hábiles, o contratista comunicarlle por escrito ao órgano de contratación a data prevista para a terminación ou execución do contrato, co gallo de que se poida levar a cabo a súa recepción.

Ao acto da recepción deberán concorrer o designado pola Fundación como responsable do contrato, no seu caso, ou un facultativo designado para o efecto.

Se as obras se atopan en bo estado e conforme aos termos das prescricións previstas, o representante da Fundación as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando, no seu caso, o prazo de garantía.

Polo contrario, cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta, e o técnico de control das obras sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o dito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases e que podan ser entregadas ao uso público de forma separada e independente.

De acordo co que establece o artigo 243.6 da LCSP, sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que se produza a dita ocupación efectiva ou posta en servizo produciranse os efectos e consecuencias propias do acto de recepción.

X.2.- CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS

De acordo co previsto no artigo 243 da LCSP, no prazo de tres (3) meses contados a partir da data de recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

X.3.- PRAZO DE GARANTÍA E RESPONSABILIDADE POR VICIOS OCULTOS

Sen prexuízo da responsabilidade civil prevista no artigo 17 da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), o prazo de garantía do presente contrato será o que resulte da proposta efectuada pola empresa adjudicataria respectando o mínimo establecido no APARTADO P do cadro de características, e comezará a contar a partir da súa recepción, xa sexa total ou parcial.

Durante o prazo de garantía, o contratista queda obrigado, á súa costa, á conservación e policía das obras, sendo responsable dos danos que nela se produzan, salvo que expresamente sexa relevado de tal obriga pola Fundación, por seren entregadas ao uso ou ao servizo correspondente ás obras obxecto do contrato. Todos os gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía serán por conta do contratista, non tendo dereito a indemnización algunha por este concepto.

Antes da finalización do prazo de garantía a Fundación poderá requirir ao contratista a subsanación dos defectos observados, concedéndolle un prazo para isto, e quedando, neste caso, en suspenso o prazo de garantía ata que por parte da empresa se efectúe a subsanación de conformidade para a Administración.

Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e prexuízos durante o prazo de tres (3) anos que se contarán dende a recepción da obra.

Transcorrido o dito prazo sen que se manifestase ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

X.4.- LIQUIDACIÓN DAS OBRAS

Transcorrido o prazo de garantía, e nos prazos establecidos na LCSP e as súas normas de desenvolvemento, se redactará a correspondente liquidación do contrato de obras.

A liquidación das obras efectuarase cos mesmos criterios e documentación establecidos para a realización da certificación final das obras.

No caso de resolución do contrato por causas imputables ao contratista, para establecer o saldo de liquidación de obras restarase da valoración correspondente á obra executada, que sexa de recibo, o importe das certificacións cursadas.

Como obra executada, para os efectos da súa valoración, só se terá en conta a que corresponda a aquelas unidades de obra nas que sexan comprobables o seu correcto funcionamento ou terminación, valorándose conforme á descomposición dos prezos unitarios

e, dentro delas, unicamente as que non presenten defectos ou deterioro e estean correctamente executadas.

As obras auxiliares ou accesorias, os acopios de materiais e a maquinaria e instalacións non poderán considerarse no caso referido.

Cando se trate de causas de resolución do contrato imputables á Administración, o contratista adxudicatario terá dereito ao valor das obras efectivamente realizadas e á indemnización prevista no artigo 246 da LCSP, reducido na porcentaxe ofrecido polo contratista na súa oferta.

Como obras efectivamente realizadas se considerarán, dunha parte, as correspondentes a unidades de obra terminadas completas ou incompletas, que sexan de recibo, tomándose como base, para valorar estas últimas, as descomposicións de prezos unitarios, salvo que se advirtan erros, defectos ou omisións nelas, en cuxo caso se valorarán en función dos materiais e medios que se estimaran necesarios para a realización da obra executada.

Doutro lado, consideraranse tamén como obras efectivamente realizadas as accesorias e instalacións provisionais de obra que formen parte dos custes indirectos e os acopios situados a pé de obra.

A valoración das obras accesorias e instalacións provisionais de obra se fixará en base ao desagregamento das porcentaxes, que dentro do total de custes indirectos, corresponda a cada un de tales conceptos, segundo o establecido ou considerado no proxecto, ben de modo expreso ou por referencia a norma ou publicación que verse sobre a materia.

X.5.- DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o técnico responsable do control das obras, a instancia do responsable do contrato ou do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade e se procederá á devolución ou cancelación da garantía, a liquidación do contrato e no seu caso ao pago das obrigas pendentes. Se o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso durante o prazo de garantía, se ditarán as instrucións oportunas ao contratista para a súa reparación, concedéndolle un prazo para isto, durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

Non poderá solicitarse a cancelación ou devolución parcial da garantía no suposto de recepción parcial.

Transcorrido un ano ou seis meses, dependendo da contía do contrato e ao abeiro do artigo 111.5 da LCSP, desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivera lugar por causas non imputables ao contratista, se procederá, sen mais demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades ás que se refire o artigo 110 da LCSP.

X.6.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que sinalan os artigos 211 e 245 da LCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este e cos efectos previstos nos artigos 212 e 246 da LCSP e 110 a 113 e 172 do RXLCAP, sempre que non se opoña ao establecido na LCSP.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 211 da LCSP, consideraranse causas especiais de resolución do contrato:

- O reiterado incumprimento das medidas de seguridade recollidas no plan de seguridade e saúde da obra e da normativa sectorial de aplicación.
- O incumprimento por parte do contratista da obriga de gardar sigilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato, dos que teña coñecemento con ocasión do dito contrato.
- O abandono por parte do contratista da prestación obxecto do presente contrato. Entenderase producido o abandono cando a prestación deixara de desenvolverse, non se desenvolva coa regularidade adecuada ou cos medios humanos e materiais precisos para a normal execución do contrato no prazo estipulado. Non obstante, cando se dea este suposto, a Administración, antes de declarar a resolución, requirirá ao contratista para que regularice a situación no prazo de cinco días hábiles que se contarán desde o requirimento.
- As reiteradas deficiencias na execución do contrato.
- A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións que o presente prego lle impón en materia de cesión e subcontratación.
- A realización polo contratista de actuacións que impliquen a modificación do contrato, sen autorización previa da Fundación contratante, aínda cando estas se realizasen baixo as instrucións da dirección facultativa.
- A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de inspección e supervisión da obra recoñecidas á Fundación no presente prego, previamente advertidas por escrito.

Cando as obras teñan que ser continuadas por outro empresario ou pola propia Fundación o órgano de contratación, unha vez notificada ao contratista a liquidación das obras executadas, poderá acordar a continuación, sen prexuízo da posibilidade de impugnación da valoración efectuada ante o propio órgano quen deberá resolver o que proceda no prazo de 15 días.

O contratista, no suposto ao que se refire este apartado, se obriga a cumprir as instrucións dadas pola Fundación, adoptando todas as medidas necesarias para posibilitar a continuación das obras. O contratista obrígase a indemnizar de todos os prexuízos que ocasionen á Fundación ou ao novo contratista se de forma directa ou indirecta impídese a dita continuación.

X.7.- OBRAS ACCESORIAS OU COMPLEMENTARIAS

De acordo co disposto no artigo 205 da LCSP, as obras que como consecuencia de circunstancias que non puideran ser previstas por un poder adxudicador dilixente, se teñan que realizar e non figuren no contrato, deberán ser obxecto de contratación independente, agás naqueles supostos que poidan adxudicarse ao contratista inicial. Nestes supostos, a adxudicación ao contratista inicial estará sometido aos límites e condicións reguladas no artigo 205 da LCSP.

Con suxeición á LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar o contrato por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

XI.-XURISDICCÓN COMPETENTE

De acordo co artigo 27 da LCSP a orde xurisdicional contencioso-administrativo será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdicional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

Con renuncia expresa de calquera outro que puidera corresponderlles, as partes se someten expresamente aos Xulgados e Tribunais da cidade de Ourense para a resolución de cantas cuestións e controversias poidan xurdir en relación co presente contrato, sen perxuízo do establecido nas disposicións legais que impoñan un fuero específico”

ESTE ÓRGANO DE CONTRATACIÓN ACORDA

APROBAR o prego de cláusulas administrativas particulares, co cadro de características que se xunta, para contratos de obra, polo procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada e documentación simplificada, con varios criterios de adxudicación.

Ourense, 5 de xuño de 2023

Órgano de contratación

Conocido e aceptado na súa totalidade
O CONTRATISTA

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DE CUBERTA PLANA DO EDIFICIO DE OFICINAS.

ANEXO I

PRESENTACIÓN DO LICITADOR

Don/Dona....., en
nome propio ou en representación da empresa

.....,
manifesta a súa vontade de participar no procedemento de licitación aberto convocado para
a
execución do
contrato.....

....., polo importe
senalado na oferta económica formulada como Anexo III

Datos da empresa:

Nome e apelidos do representante ou do licitador persoa
física.....

Teléfono do licitador

Fax do licitador

Correo electrónico

Domicilio social

Enderezo sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións
.....

Número de inscrición da empresa no rexistro de contratistas (se fora o caso)
.....

3. A empresa, comprométese a achegar a
documentación e a facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un
grupo de empresas.

En, a de de 2019

(lugar, data e sinatura do licitador)

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

**ANEXO II
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIR AS CONDICIÓN
ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN**

Número de expediente:
Denominación do contrato:
Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____
Enderezo para os efectos de notificación: _____

Non caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil á que representa:

NIF: _____ Cargo: _____

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que, en relación co establecido no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
 - Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b),
 - c).....
 - ...
- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149.3 da LCSP, a entidade á que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS

De conformidade cos artigos 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo ao órgano contratante a consultar os datos que de seguido se relacionan:

Sinalar expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado

- Consulta datos de identidade de persoas físicas
- Corrente de pagamento coa Seguridade Social
- Alta na Seguridade Social
- Estar ao corrente de pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Verificación de títulos oficiais universitarios
- Verificación de títulos oficiais non universitarios
- Consulta de datos sobre Imposto de Actividades Económicas

3. CORREO ELECTRÓNICO A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....

5. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DÁ XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer ou contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179 do 19/09/2014).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:

...
...

7.- SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL- (só para empresarios estranxeiros)

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me puidera corresponder.

En, a ... de do 2019

(Lugar e data)

Sinatura

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

ANEXO III

MODELO DE PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS (Presentar no SOBRE ÚNICO)

DON/DONA..... con domicilio en....., código postal....., DNI, con data....., en nome propio ou en representación de....., NIF: (representación que acredita presentando a escritura de poder sometida a verificación de suficiencia na forma procedente), sabedor da licitación por (publicación oficial, pónase a data do documento en cuestión)..... e das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato citado

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e os anexos coas condicións técnicas que serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración e que se compromete en nome de..... (propio ou da empresa á que representa) a cumprir o contrato con estrita suxeición aos documentos citados de acordo coa seguinte **OFERTA ECONÓMICA:**

Execución das obras:

- Pola seguinte cantidade (sen IVA):.....
- IVA (21%):.....
- Total:.....

3º- Prazo para a execución da obra, indicado en días.....(**30 días**).

4º.- Anos totais de garantía ofertados (por riba do ano de garantía obrigatorio por lei)..... (**meses**).

5º.- Que a parte da obra que ten previsto subcontratar reúne as seguintes características:

- Relación das unidades ou partes da obra que realizará baixo subcontratación:
- Importe:
- Porcentaxe que supón respecto á totalidade do orzamento:
- Nome ou perfil empresarial dos subcontratistas, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica:

6º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo, así como as de protección de datos de carácter persoal.

7º.- Que no caso de empate na valoración de ofertas segundo o establecido no Apartado N do cadro de características achego os seguintes datos:

- Número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total da plantilla:.....
- Dispoño da certificación da implantación dun plan de igualdade: SI/NON
- Dispoño da Marca Galega de Excelencia en Igualdade: SI/NON
- Número de traballadores en plantilla:.....

En....., a de..... de 2019
(Lugar, data e sinatura do licitador)

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

ANEXO IV

MODELO DE INFORME DA ENTIDADE BANCARIA

ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

D/D^a. _____, con NIF _____
Director/a da Sucursal número _____ da (cidade) _____ da Entidade Bancaria _____

INFORMA:

Que segundo os datos e antecedentes que obran no meu poder, [D./D^a] / [a empresa] _____, con NIF número _____, é cliente/a desta Entidade, e dadas as relacións comerciais e financeiras que ata o día da data vén mantendo, estímaselle solvencia económica suficiente, nos termos establecidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, **para participar na licitación da contratación documentalente simplificada, polo procedemento aberto non suxeito a regulación harmonizada, con varios criterios de adxudicación, das obras de impermeabilización no edificio de oficinas, no recinto feiral de Expoureense en Ourense.**

E para que conste e a petición do/a interesado/a, expídese o presente informe para os efectos de participación na devandita licitación.

_____ a ____ de _____ de 2019

Asdo.: _____

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

ANEXO V

TÁBOA DE SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL.

Obxecto	Destinatario do servizo	Carácter público ou privado do destinatario	Data de finalización da execución. (día/mes/ano)	Importe (en euros)

E para que conste, asino a presente declaración en , a de de 2019

Asdo.: _____

*** NOTA ACLARATORIA PARA OS LICITADORES:**

Conforme ao establecido neste prego:

Os servizos ou traballos análogos efectuados acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este ou, a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Só teranse en conta para os efectos de acreditar a solvencia os traballos ou servizos relacionados co obxecto da presente contratación, que aparezan relacionados e respecto dos cales se acheguen certificacións ou declaración do empresario a que se fai referencia neste apartado.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

ANEXO VI

(A PRESENTAR POLOS ADXUDICATARIOS)

DON/DONA..... con domicilio en....., C.P....., provisto de DNI número....., con data....., en nome propio ou en representación de.....NIF.....
(Representación que acredita presentando a escritura de poder sometida a verificación de suficiencia na forma procedente), para participar na licitación de referencia e coñecedor/a das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato citado

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade está inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda).

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado (nº _____)
- Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)

Que as circunstancias da entidade que figuran no/s Rexistro/s, respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación de referencia son exactas e non experimentaron variación.

E para que conste, asino a presente declaración en a.....de.....de.....

Asdo.: _____

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DAS OBRAS DE IMPERMEABILIZACIÓN DO EDIFICIO DE OFICINAS, NO RECINTO FEIRAL DE EXPOURENSE EN OURENSE.

ANEXO VII

(A PRESENTAR POLOS ADXUDICATARIOS)

DON/DONA..... con domicilio en....., C.P....., provisto de DNI número....., con data....., en nome propio ou en representación de.....NIF.....
(Representación que acredita presentando a escritura de poder sometida a verificación de suficiencia na forma procedente), para participar na licitación de referencia e coñecedor/a das condicións e requisitos que se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato citado

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que ten previsto **SUBCONTRATAR** a seguinte parte do servizo:

- Parte do servizo que realizará baixo subcontratación:
- Importe:
- Nome ou perfil empresarial do/s subcontratista/s:.....
- Xustificación da aptitude para a realización do servizo do/s subcontratista/s (definido por referencia dos elementos técnicos e humanos dos que dispón e a súa experiencia ou, se fose o caso, por referencia á clasificación requirida para a realización da parte do contrato obxecto da subcontratación:.....

.....
.....
E para que conste, asino a presente declaración en
a.....de.....de.....

Asdo.: _____